

PROXECTO EDUCATIVO

CEIP PLURILINGÜE
ROSALÍA DE CASTRO

REVISIÓN Nº :

DATA:

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 21/03/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 21/03/2023

DATA 1ª REVISIÓN:03/2027

DATA 2ª REVISIÓN:03/2031

Os centros docentes disporán de autonomía, no marco da lexislación vixente, para definir o modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse mediante o proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e as súas respectivas normas de organización e funcionamento.

O proxecto educativo de centro recollerá os valores, obxectivos e prioridades de actuación

TÁBOA DE CONTIDO


1. CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
1.1. Resumo histórico.....	3
1.2. Situación xeográfica, socioeconómica e cultural da contorna.....	4
1.3. Características do alumnado.....	5
2. VALORES, FINS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN.....	5
2. O CENTRO.....	8
2.1. Instalacións.....	8
2.2. Horarios xerais do centro.....	9
2.3. Área de influencia e centros adscritos.....	9
3. OFERTA EDUCATIVA.....	10
3.1. Etapas educativas.....	10
4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	10
4.1. Comedor.....	10
4.2. Transporte escolar.....	10
4.3. Outros servizos.....	10
5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	10
6. ESTRUCTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA.....	11
Os órganos colexiados reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por.....	11
7. RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAI DO ENTORNO.....	13
8. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO.....	14
9. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO....	15

1. CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. RESUMO HISTÓRICO

O proxecto de construción do colexio ten data de decembro de 1969 segundo os croques atopados no centro. Aínda que non temos datos exactos, o CEIP Rosalía de Castro foi inaugurado arredor do ano 1971. Comezou sendo un centro de EGB. O centro incorporouse á Rede de Centros Plurilingües no curso 2013-14, polo que denominouse CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro, xa que, a materia que se imparte en inglés como parte do proxecto de Centro Plurilingüe é a Música.

Na actualidade conta con 15 unidades ; 3 de Educación Infantil e 12 de Educación Primaria.



O alumnado procede de cinco núcleos: Carril, Trabanca Sardiñeira, Bamio, Guillán e Vilagarcía.

1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA



O CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro está emprazado en Carril, localidade situada ao norte do concello de Vilagarcía de Arousa, na provincia de Pontevedra.

O contorno escolar está constituído por cinco núcleos principais de poboación: Carril, Trabanca Sardiñeira, Bamio, Guillán e Vilagarcía.

Trátase, en xeral, dun entorno rural-urbano, sendo a localidade de Carril a que reúne as características máis tipicamente urbanas; Trabanca é una zona intermedia entre o urbano e o rural; Bamio é de características esencialmente rurais, así como a localidade de Guillán.

Debe terse en conta que Carril e Trabanca son núcleos de poboación que distan do centro urbano de Vilagarcía menos de 2 quilómetros.

O medio de vida é distinto en cada localidade. Así, en Carril predomina o marisqueo en pequenos viveiros. Esta actividade, xunto cos servizos, constitúe a fonte de ingresos da maioría das familias.

En Trabanca, Guillán e Bamio a industria e os servizos ocupan a maioría da poboación. Cómpre subliñar que en Bamio hai un polígono industrial no que están situadas diversas empresas que dan traballo a gran número de persoas

A lingua vehicular do alumnado e a predominante na zona é o castelán.

O nivel socio-cultural da maioría das familias é un nivel medio-baixo. O nivel académico da maioría das familias con estudos é básico ou medio.

Hai familias con risco de exclusión social e cada curso aumenta a matrícula de alumnado de minorías étnicas, familias desestruturadas, familias con poucos ingresos económicos que reciben axudas do Concello ou de organizacións como Cáritas, Cruz Vermella e Amigos de Galicia.

1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

A idade do noso alumnado comprende entre os 3 aos 12 anos . O número total de alumnado neste curso 2022-23 é de 280 alumnos/as . Entre as necesidades detectadas ás que dar resposta dende o centro destacan:

Alumnado procedente do estranxeiro.

Alumnado con necesidades de apoio educativo derivadas de dificultades específicas de aprendizaxe.

Alumnado con NEE, atraso madurativo.

Alumnado con NEE, trastorno xeneralizado do desenvolvemento: TEA, DOWN.

Alumnado con TDAH.

Alumnado con dislexia.

Alumnado con atraso da linguaxe.

Alumnado con dificultades psicolingüísticas: dislalias.

Alumnado de etnia xitana.

Alumnado con alteracións da conduta.

Alumnado con dificultades na interacción social.

Alumnado con desfase curricular.

2. VALORES, FINS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓNS

O Proxecto Educativo permítenos formalizar e concretar aquelas intencións dos distintos grupos que compoñen a comunidade escolar, dotar dunha identidade diferenciada ao centro e presentar aqueles valores e principios que asume a nosa comunidade.

Partindo desta premisa encontramos as **notas que caracterizan o noso proxecto** educativo:

É unha exposición clara, concisa e breve das nosas intencións educativas, estruturas, regulamentos e deseño curricular da comunidade escolar. Polo tanto, define e dota

de identidade ao centro educativo.

É unha adecuación dos principios e estruturas educativas que consideramos axeitados por parte de todos os sectores da comunidade educativa.

É un documento orientador e guía de todas as nosas prácticas educativas.

É un proxecto dinámico que modificaremos en función das prácticas educativas.

É unha creación colectiva do conxunto dos membros da comunidade educativa do centro.

Facilítanos o traballo docente ao recoller os obxectivos específicos e a metodoloxía para alcanzalos e estruturalos de maneira organizada.

Articula os principios, orientacións e sistemas que nos serven de marco para as actividades educativas.

Conforme a isto, defínense os seguintes valores e fins:

a. Valores: Son os que van condicionar toda a actividade a realizar no colexio por todos os membros da comunidade educativa, sendo a nosa meta lograr un ensino de calidade e en liberdade, capaz de dar resposta ás necesidades formativas dos alumnos, e o desexo de contribuír ao desenvolvemento dunha educación integral. Este PE fomentará:

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A adquisición de actitudes tolerantes e solidarias ten no colexio un interese particular debido ás diferenzas culturais e nalgúns casos lingüísticas que son frecuentes entre o alumnado así como polos alumnos con NEAE que se escolarizan no centro.
- O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- O respecto polo Medioambiente.

Ademais, dos contidos transversais integrados en cada unha das áreas, consideramos prioritarios os seguintes:

Desenvolvemento da autonomía persoal.

Respecto aos membros da Comunidade Educativa, á diversidade, a pluralidade cultural e lingüística, o patrimonio cultural e a saúde.

Fomento do espírito crítico.

Valoración do esforzo persoal e colectivo

Creación dunha imaxe real e positiva de si mesmos.

Coñecemento e práctica dos aspectos que implican o traballo en grupo e normas nas que se rexen.

Aprecio polos valores básicos que rexen a convivencia.

Fomento do respecto, a tolerancia, e o diálogo e a aceptación de desigualdades como valores fundamentais.

Coeducación en todos os niveis.

b. Fins:

- O pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos en todos os ámbitos: persoal, familiar, social e intelectual.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- O desenvolvemento dunha competencia lingüística plena en castelán e en galego así como a capacitación, acorde coas idades, para a comunicación en inglés.
- A adquisición dun coñecemento das culturas española e galega que posibilite aos alumnos a súa integración, como cidadáns de pleno dereito.
- A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade.
- O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

2. O CENTRO

2.1. INSTALACIÓNS

- Edificio de tres plantas: soto, planta baixa e planta alta.
- O centro dispón dos seguintes espazos:
 1. Quince aulas titorías: 3 de EI e 12 de EP.
 2. Aula de Pedagogía Terapéutica e Departamento de Orientación.
 3. Aula de Audición e Linguaxe.
 4. Aula de Música.
 5. Aula de Inglés.
 6. Aula de Relixión Católica.
 7. Aula de Relixión Evanxélica/ Aula ANPA.
 8. Aula de informática.
 9. Biblioteca.
 10. Despacho de Administración.
 11. Despacho do equipo directivo.
 12. Sala de fotocopias.
 13. Departamento de Educación física/ Aula de convivencia.
 14. Aula Educación infantil/A.L. provisional.
 15. Sala do profesorado.
 16. Sala de Psicomotricidade.
 17. Comedor – Salón de Actos.
 18. Cociña.
 19. Almacéns.
 20. Conserxería.
 21. Patio exterior.
 22. 4 Patios interiores.
 23. Sala da caldeira.
 24. 21 baños (un deles adaptado).
 25. Horto de Voz Natura

Ademais o centro ten a posibilidade de utilizar en horario lectivo o pavillón municipal situado ao carón do colexio.

2.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

A xornada escolar desenvólvese durante todo o curso de luns a venres en horario continuado de 9:15 a 14:15, dividido en cinco sesións:

- As tres primeiras sesións de 55 minutos.
- Un recreo de 30 minutos.
- Dúas sesións de 50 minutos.

O horario do alumnado que acode ao comedor é de 14:15 a 15:05.

O profesorado completa a súa xornada laboral os martes de 16:15 a 18:45 para o desenvolvementos de diversas actividades: reunións de claustro, coordinacións de equipos, niveis e ciclos, atención as familias...

Así mesmo cada tarde (agás a dos martes) realizase a garda de biblioteca por quendas en horario de 16:15 a 18:15 .

Ademais o profesorado fai quendas de garda un día a semana de transporte de 9:00 a 9:15.

2.3. ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

- ADSCRICIÓN:

Ao noso centro están adscritas a EEI de Bamio-Vilar e a EEI de Guillán.

O noso colexio está adscrito ao IES O Carril.

- ÁREA DE INFLUENCIA:

Forman parte da área de influencia do centro os lugares de Bamio, Carril, Trabanca Sardiñeira, Guillán.

Perímetro:

Polo sur:

- Rúa Concepción Arenal (beirarrúa norte).
- Rúa San Xosé desde a intersección coa rúa Concepción Arenal ata intersección coa Travesía San Xosé (beirarrúa norte) continuando pola rúa San Xosé ata a rúa das Pías.

Polo leste:

- Límite do Concello

Polo oeste:

- Ría de Arousa.

Polo norte:

- Límite do Concello.
- ÁREAS LIMÍTROFES

Son áreas limítrofes deste centro as zonas de influencia de CEIP A Escardia.

3. OFERTA EDUCATIVA

3.1. ETAPAS EDUCATIVAS

- Etapas educativas : Educación Infantil e Educación Primaria
- Número de aulas por nivel: 3 de EI e 12 de EP.
- Rateos: máximo de 25 alumnos/as por aula de EI e EP.

4. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

4.1. COMEDOR

- Horario: 14:15 a 15:05.
- Tipo categoría: C.
- Xestión indirecta (catering Endermar)

4.2. TRANSPORTE ESCOLAR

- Horario:
 - Chegada 9:00 h.
 - Saída estimada despois de finalizar o comedor: 15:05 h.
- Rutas e paradas:
 - Ruta 1: Escardia Parada: Escardia
 - Ruta 2: Bamio-Carretera Vella. Paradas: Rey-Nogueirido-Sordido-Pedroso
 - Ruta 3: Bamio-Campanario: Salgueiral-Vilar-San Xoan- Campanario
 - Ruta 4: Trabanca: Ribaínsa-Vintecinco-Loureiro
 - Ruta 5: Guillán: Praia de Compostela-San José- As Pías- Caldihuela - Guillán 3- Guillán 2- Guillán Plaza.

4.3. OUTROS SERVICIOS

- Plan madrugá organizado pola ANPA en horario de 8:00 a 9:15 h.

5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O centro oferta en horario de 16:15 a 18:15, tódolos días, agás os martes, o servizo de biblioteca.

A ANPA, á súa vez, oferta unha serie de actividades, deportivas, lúdicas e educativas que se especifican cada curso na PXA.

6. ESTRUCTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA

- Catálogo do centro: 1 liña en Educación Infantil e dúas liñas en Educación Primaria.
- Organigrama cos diferentes órganos colexiados e de coordinación docente que ten o centro:

6.1. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

- Compostos polo Equipo Directivo: Director/a, xefe/a de estudos e secretario/a.
- Realizarán un traballo sistemático e coordinado entre eles para favorecer a convivencia e a participación de toda a comunidade educativa, concretando a planificación e xestión das actividades contempladas na PXA.
- Reuniranse cunha periodicidade semanal.

6.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

- **Claustro**

- **Consello Escolar:** dentro deste están creadas as seguintes comisións:

- Comisión de convivencia escolar.
- Comisión económica.
- Comisión de Igualdade.

Así mesmo, contamos con representación da Biblioteca Escolar (Plambe), da ANPA e do Concello.

A composición dos órganos de goberno colexiados reflíctese ao inicio de cada curso na PXA.

Os órganos colexiados reuniránse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre, e sempre que os convoque nas sesións ordinarias, extraordinarias ou urxentes o/a seu/súa presidente/a ou o solicite 1/3 dos seus membros. En todo caso reuniránse ao inicio e ao remate do curso.

6.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- Na PXA concréntanse as titorías e os membros que forman cada equipo de coordinación docente segundo o claustro de adscrición funcional de profesorado que se celebra ao comezo de cada curso.
- Titor/a: será o mestre/a que imparte o maior número de horas nesa titoría, designado pola dirección, a proposta da xefatura de estudos, segundo a lexislación vixente.

- Equipo de ciclo/nivel: profesorado que imparte clase ao mesmo grupo de alumnado. Reuniranse alo menos unha vez por trimestre, nas xuntas de avaliación, así como as respectivas reunións mensuais de coordinación, ás cales asistirá o Departamento de Orientación.
- Departamento de Orientación. As reunións do DO serán mensuais máis as extraordinarias de principio de curso e sempre que o solicite 1/3 dos membros ou os convoque o presidente.
- Comisión de coordinación pedagóxica. Reunirase mensualmente.
- Equipo de coordinación de centro plurilingüe: reuniranse cunha periodicidade semanal, unha das mestras de lingua estranxeira, segundo a adscrición de principio de curso será a responsable da coordinación da auxiliar de conversa.
- Tamén están constituídos os seguintes equipos de dinamización: lingua galega, biblioteca, TICs, actividades complementarias e extraescolares e Voz Natura. Reuniranse mensualmente.

6.4. PERSOAL NON DOCENTE

- 1 auxiliar administrativo (funcionaria da Consellería) que se encarga da organización administrativa do centro, coordinando esta labor co equipo directivo. O horario de atención ao público comunicado ás familias ao principio de cada curso é de luns a venres de 9:15 h a 14:15 h (sen cita previa)
- 1 conserxe (funcionario do Concello) As súas función veñen dadas polo Concello: apertura/peche de dependencias, custodia de chaves, vixilancia das instalacións interiores/exteriores e labores de mantemento e reparacións, manexo das fotocopiadoras/encadernadoras e análogas, atención de teléfonos centralizados, reposición material baños, aulas, traslados de despachos/arquivos/mobiliario /materiais, control caldeira de calefacción e dos timbres, correo interno e externo. Calquera outra función que se considerase precisa para o bo funcionamento do servizo ou unidade e todas aquelas tarefas que lle poidan ser encomendadas polo seu/s superior/es xerárquicos dentro do seu nivel ou categoría profesional.
- 2 coidadoras (persoal laboral da Consellería) para atención ao alumnado con NEE.
- 4 traballadoras da limpeza.

- 1 auxiliar de conversa. O auxiliar de conversa está dende o 1 de outubro ata o 31 de maio de cada ano escolar, baixo a coordinación dunha das mestras de inglés.
- Persoal do comedor (contratado pola empresa de catering)

6.5. ANPA

Na PXA recóllese a actualización dos datos desta asociación.

A ANPA utiliza aula de relixión evanxélica que está no centro para levar a cabo as reunións e a maioría das actividades.

A ANPA encárgase do Plan Madruga e das actividades extraescolares de tarde. A organización tempo-espacial destas actividades tamén se reflicte cada ano na PXA.

De ser necesario o uso do pavillón terán que solicitalo ao Concello de Vilagarcía de Arousa e para uso de espazos do colexio, seguirase o protocolo de utilización de espazos do colexio por parte de asociación/organización/...

A directiva da ANPA leva a cabo reunións periódicas seguindo a súa programación. Ademais convoca reunións para todas as familias a través de circulares ou por Abalar do centro.

7. RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAIS DO ENTORNO

Mantéñense relación cos seguintes axentes educativos, sociais, económicos e culturais do entorno:

-Servizos Sociais do Concello: a persoa educadora social réunese coa persoa orientadora do centro unha vez ao trimestre, sempre que no centro estea matriculado alumnado en seguimento por este servizo ou dende o centro se estime oportuna a comunicación co mesmo.

-Servizo de menores-zona norte de Pontevedra.

-SPAD.

- Direccións dos CEIPS, IES e CEE de Vilagarcía ao comezo de cada curso.

- Policía Local e Nacional a través do plan Director.

- No caso de ser necesario, manteranse reunións entre o departamento de orientación e centros aos que acode o noso alumnado: UDIAF, ...

- Manteranse as relacións cos distintos organismos, centros culturais e deportivos, asociacións sen ánimo de lucro,...; que se consideren oportunas ao longo do curso para a organización das actividades programadas.

- O equipo directivo seguirá mantendo reunións periódicas co persoal do concello respecto ás obras de mantemento do centro.

- Área de Igualdade do Concello de Vilagarcía.

8. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

Documentos	Data aprobación Claustro	Data aprobación Consello Escolar	Data próxima revisión
PROXECTO EDUCATIVO	02/04/19	02/04/19	03/2027
Plan Xeneral de Atención á Diversidade	02/04/2019	02/04/2019	06/2024
Plan de Orientación			
Plan Acción Titorial	26/04/2012	26/04/2012	
Plan de convivencia	29/06/2020	30/06/2020	06/2024
Plan de igualdade	29/10/2019	29/10/2019	10/2023
Proxecto Lingüístico	15/12/2020	15/12/2020	12/2024
Plan Biblioteca	29/06/2022	29/06/2022	06/2023
Proxecto Lector	01/2008	01/2008	
Plan de Formación e Dixitalización do profesorado.	24/10/2022	24/10/2022	10/2023
Plan Dixital	29/06/2022	29/06/2022	06/2026
Plan ACE			
Plan Act. Físicas e Hábitos Saudables			
Plan Actuación ante Emerxencias ou ,de ser o caso, Plan Autoprotección	29/06/2021	30/06/2021	06/2025
CONCRECIÓN CURRICULAR			
NOFC	27/06/2019	28/06/2019	03/2023
PROXECTO DE XESTIÓN			
PLAN DE MELLORA (anual)			

- O procedemento de difusión e publicidade da documentación oficial do centro para que toda a comunidade educativa teña información de todos os documentos será a través da páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprosaliacarril>

9. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO

O presente documento, **así como todos os que figuran na táboa anterior**, deben ser revisados cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan.

Así mesmo, todos os plans/programas anteriores deberanse concretar anualmente na PXA.

O PEC é un documento avaliabile e suxeito a melloras, como resultado das propostas do traballo en equipo. Os cambios iranse reflectindo nos anexos á PXA e serán avaliados nas Memorias finais anuais.